



Participarán un total de cinco funcionarios da Cámara durante un período inicial de tres meses, prorrogables

## **O Parlamento implanta en setembro un programa piloto de teletraballo para facilitar a conciliación dos seus funcionarios**

- **A medida foi acordada na Mesa de Negociación do Parlamento e aprobada pola Mesa da Cámara**
- **A experiencia pretende afondar na conciliación da vida persoal, familiar e laboral, mellorar a calidade dos servizos e o traballo por obxectivos, aumentar a motivación e diminuír o absentismo laboral**
- **Pilar Rojo considera que as institucións deben dar exemplo e liderar a implantación de estratexias en materia de conciliación**

**Santiago, 26 de agosto de 2009.-** O Parlamento de Galicia porá en marcha, a partir do vindeiro mes de setembro, un programa piloto de teletraballo no que, durante un período inicial de tres meses, prorrogables a tres máis, participarán un total de cinco funcionarios da Cámara autonómica.

Esta medida foi acordada no seo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia e aprobada, posteriormente, pola Mesa da Cámara, nunha reunión celebrada o pasado 16 de xuño.

Entre os obxectivos que se perseguen con este programa piloto de teletraballo destacan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; a mellora da calidade na prestación dos

servizos, potenciando o traballo por obxectivos; aumentar a motivación e o rendemento do persoal; e diminuir o absentismo laboral, na medida en que o teletraballo permite compatibilizar con maior facilidade as responsabilidades persoais, familiares e laborais das persoas que optan por esta experiencia.

## **Criterios**

Os criterios aplicables para seleccionar aos participantes nesta experiencia de teletraballo inclúen, entre outras, circunstancias como a existencia de familiares dependentes (fillos menores de 12 anos, maiores ao seu cargo ou enfermos que precisen coidados).

Os participantes neste programa piloto de teletraballo disporán na súa casa de un ordenador, facilitado pola Cámara, con porto de serie e as mesmas garantías de seguridade que os equipos fixos do Parlamento; unha conexión de ADSL con ancho de banda suficiente, unha conta de correo electrónico e un teléfono.

## **O papel das institucións**

A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, agarda que a experiencia derivada da implantación deste programa piloto permita extraer conclusións valiosas de cara a afondar na implantación de estratexias que favorezan a conciliación.

“Con independencia da ineludible necesidade de impulsar plans de austeridade, como temos feito nesta Cámara, e de articular medidas que permitan superar a crise económica actual, as institucións, neste caso o Parlamento de Galicia, debemos dar exemplo e liderar a implantación de medidas que impliquen avances sociais que redunden en beneficio dos traballadores”, asevera Rojo Noguera.

Saúdos,

Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia